

ESCOLAS DE PSICOLOXÍA

1.- ESTRUTURALISMO

1.1.-Wilhelm Maximilian Wundt (1838-1920):

Este alemán foi o pai da psicoloxía científica porque:

- creou o 1º laboratorio de psicoloxía experimental en **Leipzig**,
- publicou o 1º tratado de psicoloxía experimental (*Trazos básicos da psicoloxía fisiolóxica* 1874 "*Grundzüge der physiologischen Psychologie*")
- creou a 1ª revista especializada en Psicoloxía "*Phylosophische Studien*" (*Estudos filosóficos*).

Cando era profesor de fisioloxía en **Heidelberg** comezou a interesarse polos procesos mentais e a intentar facer da psicoloxía unha ciencia independente.

Wundt considerou a mente como un proceso e intentou **buscar a súa estrutura elemental**, os seus elementos básicos e os **atributos** destes. Según Wundt o obxecto de estudio da psicoloxía sería o **estudio analítico da mente** humana e para conseguir este obxectivo propuxo como **método de estudio a "introspección"** (ou **autoobservación analítica**) e a **"experimentación"**.

1) Para a **medición dos procesos mentais** inventáronse **artiluxios mecánicos** coma:

- a) O **cronoscopio de Hipp** (rexistra unidades mínimas de tempo, centésimas e milésimas de segundo e podía conectarse con aparatos que presentaban estímulos: visuais, auditivos, táctiles etc aos que o suxeito experimental debía reaccionar nun tempo mínimo).
- b) O **taquistoscopio** usado en **experimentos de percepción de letras**. As letras estaban escritas nunha tarxeta que se colocaba no rectángulo da parte inferior do aparato. E utilizábase un sistema de pesas e cubertas para ocultar, expoñer e de novo ocultar o estímulo ao observador. Un taquistoscopio semellante ao que utilizaba Wundt construíuse despois na Columbia University de Nova York.

2) **Experimento para medir a memoria operativa ou de traballo**: Unha simplificación deste experimento pode explicarse así: Seguindo a análise das ideas de Descartes, Wundt preguntouse: **cantas ideas pode conter a mente nun mesmo instante?**

Imaxinemos que estamos mirando a pantalla dun ordenador. Por un instante, aproximadamente 0.09 segundos, aparece un estímulo na pantalla. O estímulo consiste en catro columnas de catro filas de letras elixidas ao azar. A tarefa consiste en recordar tantas letras como lle sexa posible ao suxeito experimental. O que recorde o suxeito constitúe unha medida de cantas ideas simples pode captar a mente nun instante. Wundt reparou en que os observadores que **non tiñan práctica** no experimento **podían recordar unhas catro letras**, e os que tiñan **experiencia ata seis**, pero non máis. Estas cifras coinciden cos resultados de experimentos máis modernos acerca da **capacidade da memoria operativa ou de traballo**.

- Deste experimento sacou **outras conclusións**:

- a) Se en lugar de letras ao azar poñemos palabras, o observador recordaría as 4 palabras ou ao menos 3. **As letras como elementos illados ocupan rapidamente unha gran cantidade de espazo na conciencia**, polo que só se poden percibir á vez entre catro e seis. **En cambio, se estes elementos están organizados, poderíanse captar moitos máis.**

Nos debates en torno á psicoloxía da Gestalt, os experimentos acerca da diferenza no número de letras recordado cando estas se presentan en series ao azar ou en palabras, desempeñaron una función moi importante: **os da Gestalt consideraban que captamos as palabras coma un todo**. Tamén os psicólogos estadounidenses, seguindo o asociacionismo do empirismo inglés (Hume), consideraban moito maior a capacidade de captar letras asociadas en palabras. Wundt sostivo unha opinión intermedia seguindo o idealismo de Kant: as palabras son un todo significativo, pero son as capacidades organizativas da mente as que impoñen a totalidade aos elementos.

b) Tamén deste experimento se tirou **outra conclusión**: por que o observador non percibía as letras que non nomeaba? Parece que **a conciencia é un campo ancho, pero dentro deste hai un “foco de atención” e as ideas deste foco son claramente percibidas, mentres que as que están fóra do foco percíbense levemente e non poden identificarse**. O foco da conciencia está onde actúa a “**apercepción**”, avivando os estímulos para convertelos en estímulos que se ven **con claridade e distinción (Descartes)**.

A **apercepción** era especialmente importante no sistema de Wundt. Non só era responsable da síntese activa dos elementos en totalidades, senón que tamén explicaba as actividades mentais superiores da análise e do xuízo. Tamén era responsable das actividades de relacionar e comparar. A **apercepción era a base de todas as formas superiores do pensamento, como o razoamento e o uso da linguaxe**.

3) Wundt **tamén estudou os sentimentos e as emocións**. Utilizou sentimentos observados por introspección como indicios dos procesos que tiñan lugar na mente nun momento determinado. Propuxo que os **sentimentos** podían definirse segundo **tres dimensións**: a) **pracer fronte a desagrado**, b) **activación alta fronte a activación baixa**, e c) **atención concentrada fronte a atención relaxada**.

4) Wundt estudou tamén os **estados anormais de conciencia**. Ocupouse das **alucinacións, a depresión, a hipnose e os soños**.

5) **Psicoloxía dos pobos**. Na súa última etapa en Leipzig Wundt afirmaba que a **psicoloxía experimental só penetra na superficie da mente**, mentres que a **psicoloxía dos pobos afonda moito máis nela**. Defendeu a idea de que **o estudo das culturas revelaba a evolución da mente humana**. E tamén estudou o significado psicolóxico da **linguaxe**. Neste campo non tivo moita influencia fóra de Alemaña.

6) **Conclusión**: A súa psicoloxía denomínase “**estruturalista**” porque estuda as “**estruturas básicas da mente**” (elementos simples) humana. Anque este termo parece que se lle debe ao seu discípulo Titchener.

-Vídeo laboratorio de Wundt: <https://www.youtube.com/watch?v=FhlFaVVD3qE>

1.2.- Edward Bradford Titchener (1867-1980):

Británico, discípulo de Wundt en Alemaña, e máis tarde establecido en EEUU (Cornel University en Ithaca, New York, privada), onde traduciu e estendeu as ideas do estruturalismo de Wundt. Parece que foi Titchener o primeiro en usar o termo estruturalismo.

1) Estrutura da mente:

-Experiencia mediata: Para Titchener a mente componse de estruturas que forman a experiencia consciente. A **experiencia mediata** de un individuo está **matizada por contidos da mente** como: **asociacións previas** de ideas, **estados emocionais e motivacións** de cada individuo.

-Experiencia inmediata: Se realizamos **experimentos de identificación de letras coma os de Wundt**, neste caso **estamos analizando a experiencia inmediata, sen que estea mediatizada por outros contidos mentais**. Así é como podemos obter os **contidos simples da estrutura da conciencia**.

-Estruturas simples da mente: son de tres tipos: **imaxes, emocións e sensacións**. Exemplo: un limón. Temos a súa imaxe, a sensación do seu sabor e a emoción de desagrado que causa ao sentido do gusto.

-Atributos: Estas estruturas simples posúen atributos. As **imaxes e sensacións** teñen 4: **calidade** (limón amarelo), **intensidade** (amargura do limón), **duración** (longa ou curta) e **claridade** (distinción nítida do estímulo). As **emocións** en cambio só teñen os 3 primeiros atributos, porque ao concentrarnos nun estado afectivo non acadamos maior claridade, senón que o disolvemos.

2) O método de Titchener para medir estes elementos é o mesmo que utilizaba Wundt: a **introspección** ou **cantidade de ideas que pode reter a mente na experiencia inmediata**. Segundo el a introspección **pode ser entrenada**.

-Gran rigorosidade metodolóxica: Os experimentos de Titchener teñen fama de ser moi rigorosos, máis incluso que os de Wundt, nos que **controlaba as variables** que poden interferir no seu obxecto de estudo. Escribiu **manuais de práctica en laboratorios para psicólogos experimentais** (nos que explica o **deseño que debe ter o laboratorio** e o **adestramento previo** que debe ter o experimentador, etc), que mostran o seu rigor científico, superior ao de Wundt.

3) Fixo experimentos complexos nos que o observador tiña que describir detalladamente as súas sensacións, por exemplo unha cor ou son. Na universidade de Cornel, **recopilou 38.000 tipos de sensacións visuais e 11.000 tipos de sensacións auditivas**. Estudou **ilusións ópticas** que se producen polo cambio de perspectiva na mirada do observador. Así **adestraba a introspección** ata recoñecer as ilusións ópticas sen necesidade de instrucións para así obter as 3 estruturas mentais simples: imaxes, sensacións e emocións.

4) Resumo da súa teoría: A súa teoría consistía en **analizar a experiencia inmediata** para descubrir os seus **elementos simples**. Despois descubrir **as leis que describen como se combinan estes elementos simples**. E finalmente **asociar estas leis coas condicións fisiolóxicas ou corporais**. Así intentaba entender a psique humana.

Por tanto, para el **un pensamento está formado** por un conxunto de **elementos simples**: imaxes, emocións e sensacións. Pero **para actuar tamén intervén a vontade**. Estes elementos simples **aparecen na nosa mente antes de actuar**, así que os pensamentos e a vontade están **vinculados mediante**

imaxes mentais. Isto foi **moi criticado** na súa teoría, e **posteriormente demostrouse que se poden ter pensamentos sen representacións mentais de imaxes**, por iso esta parte da teoría non foi aceptada.

5)Críticas: Como a súa **teoría era extremadamente empirista** (tradición inglesa e americana), **descartou estudar procesos mentais que non se podían medir experimentalmente.** Tamén se lle acusa de **reducionista** ao dicir que o significado destes procesos mentais **se reduce ao contexto no que sucedía a sensación.** Debido a estes erros metodolóxicos pódese dicir que o estruturalismo naceu e morreu con Titchener.

Foi moi criticado e **apartouse da propia APA (Asociación de Psicólogos Americanos) e fundou a súa propia asociación** de psicólogos experimentais. **A Gestalt, funcionalistas e condutistas rechazaron algúns dos seus postulados.**

6) Conclusión: A **importancia do estruturalismo** é que **impulsou a psicoloxía como ciencia** utilizando un **método experimental.** E anque foi rexeitada, esta teoría **tivo que ser falsada tamén con outro método experimental.** A **psicoloxía comezou a ser falsable no mesmo sentido que as ciencias naturais.** Tamén lle debemos a **creación de protocolos de investigación, e a estruturación de laboratorios; o control de variables e o adestramento dos experimentadores.**

7) Influencias:

a) Na psicoloxía cognitiva de Jean Piaget: As estruturas da nosa mente están xeneticamente determinadas e cambian ao pasar dunha etapa a outra do desenvolvemento intelectual.

b) No estruturalismo lingüístico de Noam Chomsky: Para Chomsky existen estruturas universais innatas para a adquisición da linguaxe.

- Video da psicoloxía de Titchener: https://www.youtube.com/watch?v=SmQw7d_Uggg

2.- O FUNCIONALISMO

2.1.- William James (1842-1910)

Filósofo e **pai do funcionalismo** en psicoloxía. Estadounidense, nacido en Nova York nunha familia de clase alta, o que lle permitiu formarse nas mellores escolas de EEUU e Europa. O seu pai era un teólogo moi ben relacionado coa cultura burguesa. Era o irmán maior do escritor Henry James.

En 1864 comezou a estudar **medicina** en Harvard, pero una serie de parénteses académicos e complicacións de saúde fixeron que non rematase a carreira ata 1869, mais nunca exerceu como médico. Pois o que lle interesou foi a **filosofía e a psicoloxía.**

Nun momento dado William decidiu aprazar os seus estudos de medicina e iniciar unha expedición científica polo Amazonas co naturalista Louis Agassiz, anque este era detractor de Darwin

ao contrario que James. Nesta viaxe James sufriu depresión e pensamentos suicidas.

1) Como filósofo: defendeu o “pragmatismo” (do gr. pragma: acción práctica): é un método que entende toda noción filosófica segundo a utilidade práctica social que teña. Para os pragmatistas a verdade de algo equivale á súa utilidade práctica. Dáselle máis valor ás accións que ás ideas. Así esta filosofía pragmática trataba de eliminar as disputas entre empiristas e racionalistas, materialistas e espiritualistas: xa non se busca quen ten a razón, senón cal dos enfoques ten utilidade práctica. Nesta filosofía estivo **moi influído pola teoría evolucionista de Darwin (selección natural dos individuos mellor adaptados). Esta influencia aplicouna tamén á psicoloxía.**

2) Como psicólogo: En 1873, William James regresou a **Harvard** para impartir clases de Psicoloxía e Filosofía converténdose en profesor a pesares de non ter recibido educación formal sobre o tema. Nesta universidade tivo unha longa e brillante carreira onde fundou o **funcionalismo psicolóxico** na súa obra *“Principios de Psicoloxía”*. Os alumnos manexaban dúas versións deste libro unha completa e outra resumida: *“O James e o Jimi”* respectivamente).

2.1) O funcionalismo: É contrario ao estruturalismo: para os funcionalistas o obxecto de estudio da psicoloxía non son as “estruturas” ou compoñentes da mente, senón as “funcións” da mente. O funcionalismo xurde por influencia da teoría de Darwin (selección natural). James cre que a mente humana ten unha “función adaptativa” ao entorno para garantir a supervivencia. Tamén no funcionalismo se pode constatar unha **influencia do filósofo grego Heráclito (“todo flúe”)**: Por iso non cre que haxa que descompoñer a mente nas súas estruturas para comprender o seu funcionamento. James **non busca as “estruturas” simples da mente, porque para el a conciencia é unha corrente dinámica en continuo cambio** (influencia do “todo flúe” de Heráclito). A mente humana unha enorme suma de dominios onde se inclúe todo o vivido e sentido, todo o noso pasado e o deseño do noso futuro. **A psique é coma a “corrente dun río”: a corrente de auga está composta de moléculas de auga, pero estas por separado non explican o fluír do río: hai que considerar a mente coma un fluír para descubrir as súas “funcións”.**

Polo tanto, para os funcionalistas a **psicoloxía é unha ciencia que debe axudar ás persoas a adaptarse ao seu medio (Darwin) e acadar éxito na vida.** Así se entende que para eles a “verdade” consiste na **“utilidade pragmática” para adaptarse e sobrevivir.**

2.2) O método de estudio: como nunca temos sensacións illadas e na mente sempre se producen múltiples procesos, non ten sentido illar as sensacións. Por iso **os métodos de estudio serán múltiples,** aplicados a cada nivel da mente: **observación, introspección, experimentación e o método comparativo:** comparar procesos cerebrais co que ocorre en animais ou en pacientes patolóxicos.

2.3) A conciencia: William James quixo afondar e delimitar o estudo da conciencia a través da fisioloxía experimental. E fíxoo xunto a outros expertos, como Henry Pickering Bowditch e James Jackson Putnam. Todo con un fin moi concreto: **intentar localizar a “conciencia” nalgunha área do cerebro.**

Pero, tras de unha serie de análises, concluíu que a conciencia é en realidade un “proceso”. A conciencia **non é un “obxecto” senón un “proceso”:** así como o funcionamento dun motor non é algo que exista separado da máquina.

A psicoloxía, polo tanto, podía analizar ese proceso. É dicir, o fluxo de pensamentos para **poder delimitar así esa idea tan abstracta que configura o “eu” ou “conciencia”.**

2.4)As emocións: tamén estudou as emocións e anque **non fixo experimentos propiamente psicolóxicos** (el considerábase un filósofo que tamén se interesa pola psicoloxía), **si tivo un laboratorio incluso antes ca Wundt**, pero nel **realizaba máis ben ca experimentos demostracións aplicadas a aspectos fisiolóxicos sobre a percepción e a sensación na súa cátedra de Harvard**, onde daba clases da **“relación entre fisioloxía e psicoloxía”**, e por iso **non se recoñece como laboratorio de psicoloxía**.

Nesas demostracións, debido aos seus coñecementos médicos e o achegamento á bioloxía evolutiva de Darwin, James trataba de demostrar a **relación estreita entre os procesos mentais e o corpo**.

- **Teoría da emoción James-Lange:** (fundouna ao mesmo tempo que o danés Karl Lange: teoría similar): **As emocións que experimentamos xorden de cambios fisiolóxicos en resposta de estímulos ambientais**. Esta teoría vai en contra do que habitualmente pensamos das emocións: cremos que un estímulo externo produce a emoción medo en nós e isto produce unha resposta fisiolóxica (correr para escapar dun oso). **Pero James e Lange cren que cando vemos o oso primeiro corremos e despois experimentamos a emoción medo**. Así que **as emocións proceden da percepción de cambios corporais**, e estes proveñen de axustes fisiolóxicos do sistema nervioso aos estímulos externos. Isto significa que sentimos medo porque trememos e sentímonos tristes porque choramos, e non ao revés.

Como se produce esa activación fisiolóxica que produce a emoción? O estímulo (visual neste caso) diríxese ao tálamo que é o centro no que se reciben os estímulos, logo diríxese ao sistema límbico, que é o que dá lugar ás reaccións corporais a través do hipotálamo, e tamén ao sistema nervioso autónomo, xerando a activación corporal (preparando os músculos para correr e elevando o ritmo cardíaco). Finalmente estas reaccións corporais son enviadas á corteza cerebral xerando a emoción. **Esta teoría foi a primeira en afirmar que as emocións non só son algo psíquico, senón que tamén se asocian a estados corporais**.

- **Críticas de Walter Bradford Cannon** (1871-1945, fisiólogo en Harvard):

A) Cando a un animal lle **cortamos os nervios** dos órganos activados polo sistema nervioso autónomo, é dicir, cando **cortamos a conexión entre o fisiolóxico e a corteza cerebral**, os animais parecían seguir experimentando as **mesmas emocións**. De maneira que **non se pode distinguir a emoción** que se sente mediante as reaccións fisiolóxicas. Por exemplo, **medo e furia, ambas producen taquicardia, tensión muscular e elevación da temperatura**.

B) Os **órganos internos responden de forma relativamente lenta** como para dar unha experiencia sensorial instantánea.

C) Se **inducimos artificialmente a activación fisiolóxica** (mediante unha inxección de adrenalina, por exemplo), esta produce a sensación de activación, pero **non unha emoción**.

Estas críticas puxeron en dúbida a teoría das emocións de James.

- **A teoría de Cannon:** A diferenza de James, Cannon cre que a información sensorial diríxese simultaneamente á corteza cerebral e ao sistema límbico que desencadea as reaccións fisiolóxicas. É dicir, a experiencia emocional física e cognitiva son simultáneas, pero relativamente independentes.

Debido a estas críticas os seguidores de W. James defenderon a súa teoría aportando novas ideas. Por exemplo:

- Defensor de James CARROLL IZARD: hipótese de retroalimentación facial: A emoción non procede directamente do lento procesamento do sistema nervioso autónomo, senón dos músculos faciais. Parte das emocións que sentimos débese á retroalimentación facial. Coma por exemplo **cando nós rimos sentímonos algo máis felices**. Podemos modelar nunha pequena parte o que sentimos expresando certa emoción. Experimentos modernos conclúen que a retroalimentación facial ten un efecto significativo, anque pequeno, sobre o noso estado emocional. Isto apoia que a teoría de James era certa, anque incompleta. Parte do que James propuxo foi aceptado pola **teoría cognitiva** de **Stanley Schacter e Singer**.

-Hoxe en día: admítase que a interpretación cognitiva precisa dous pasos: a interpretación dos estímulos do medio ambiente e a interpretación dos estímulos do organismo resultado da activación do sistema nervioso autónomo. Así a teoría de James formaría parte deste segundo paso. Polo tanto, para explicar as emocións utilizaríase un **sistema que mestura a explicación de James Lange e a de Cannon-Bard**: é dicir, consiste nun dobre proceso:

a) Por unha banda, o estímulo diríxese primeiro ao tálamo (cerebro), logo diríxese ao sistema límbico, que é o que dá lugar ás reaccións corporais a través do hipotálamo e o sistema nervioso autónomo, xerando a activación corporal. Finalmente estas reaccións corporais son enviadas á corteza cerebral xerando a emoción. Así o explicou a teoría James-Lange.

b) Pero por outra banda, na xeración da emoción tamén inflúe a retroalimentación facial de Cannon-Bard. Cannon cre que a información sensorial diríxese simultaneamente á corteza cerebral e ao sistema límbico que desencadea as reaccións fisiolóxicas. É dicir, a experiencia emocional física e cognitiva son simultáneas, pero relativamente independentes.

3) Influencias: Esta explicación funcionalista das emocións influíu en parte no **condutismo** e na **psicología cognitiva**.

O paradigma funcionalista desapareceu co auxe dun novo paradigma: moitos principios funcionalistas foron asimilados no novo paradigma: o **condutismo**.

4) Resumo da súa teoría:

A) Os procesos psicolóxicos producen consecuencias no seu medio natural: depende das persoas como se afronta unha situación para acadar o éxito.

B) Os procesos psicolóxicos teñen unha función adaptativa ao medio (Darwin: adaptación ao medio).

C) Prímase o estudo dunha psicología científica baseada na evidencia.

D) Utilízanse diferentes métodos de investigación

Vídeo o funcionalismo de William James: <https://www.youtube.com/watch?v=mcDibX-PA01M>

3.- O CONDUTISMO

3.1.- A REFLEXOLOXÍA RUSA: PRECEDENTE DO CONDUTISMO

A Reflexoloxía é unha doutrina psicolóxica que **rexeita o “mentalismo” (estudo dos procesos mentais) de Wundt**. E constitúe o **precedente claro do Condutismo**.

Débese ao traballo de tres destacados fisiólogos rusos: **Ivan M. Sechenov (1829-1905)**, **Ivan P. Pavlov (1849-- 1936)** e **Vladimir M. Bechterev (1857--1927)**. Estes investigadores aplicaron **métodos de investigación obxectivos e desenvolveron a experimentación no campo da neurofisioloxía**.

A través da **investigación empírica do sistema nervioso** chegaron a interesarse en **temas vinculados á psicoloxía**. A contribución máis importante dos fisiólogos rusos foi a súa **interpretación estritamente mecanicista da conduta**. O principal mestre de Pavlov foi **Béjterev**, que estudaba a relación entre a conduta humana, nas súas diversas manifestacións (sensacións secretoras e motrices, a palabra, a mímica, os xestos do individuo, a maneira de ser, a linguaxe...), e as condicións físicas, biolóxicas e sociais que inflúen na conduta.

- O método de estudio réxese polo principio do “obxectivismo” e a “negación da conciencia como obxecto de estudio”, por iso descartou a introspección como método válido.

3.1.1.- IVÁN PETRÓVICH PÁULOV (1849-1936)

É o máis coñecido representante da reflexoloxía rusa. Comezou a estudar **teoloxía**, pero abandonouna para estudar **medicina e química na Universidade de San Petersburgo**, sendo o seu **principal mestre Vladímir Béjterev**. Tras rematar o doutoramento en 1883, **ampliou os seus estudos en Alemaña**, onde se especializou en **fisioloxía intestinal** e no funcionamento do sistema circulatorio: **premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina en 1904**.

A) **Teoría do reflexo condicionado ou “condicionamento clásico”**: desenvolveu esta teoría a partir de 1901 **co seu asistente Iván Filíppovich Tolochínov**, ao mesmo tempo que en EE. UU. Edwin Burket Twitmyer realizaba observacións similares. Pávlov observou que a salivación dos cans que utilizaba nos seus experimentos producíase ante a presenza de comida ou cando os propios experimentadores chegaban para alimentar aos cans, e determinou que podía ser resultado dunha actividade psicolóxica, á que chamou «reflexo condicional».

- **O experimento dos cans de Páulov**: Realizou o coñecido experimento consistente en facer soar un metrónomo (a 100 golpes por minuto, anque popularmente se cre que empregou unha campá) xusto antes de dar alimento en polbo a un can, **chegando á conclusión de que, cando o can tiña fame, comezaba a salivar nada máis oír o son do metrónomo**. Tolochinov, que chamou ao fenómeno «reflexo a distancia», comunicou os primeiros resultados no Congreso de Ciencias Naturais en Helsinki en 1903. Posteriormente ese mesmo ano, Pávlov realizou unha exposición detallada dos resultados no 14º Congreso Médico Internacional en Madrid, onde leu o seu traballo *The Experimental Psychology and Psychopathology of Animals*.

Video experimento de Páulov: <https://www.youtube.com/watch?v=X3rMkpc7wAQ>

Isto levou a Pávlov a afirmar que **estas condutas** observadas nos cans **non podían ser innatas, senón aprendidas**. Así desenvolveu un método experimental para estudar a adquisición de novas conexións de estímulo-resposta.

- **Método experimental cos cans:** A magnitude das respostas aos diferentes estímulos pode medirse polo volume total ou o número de gotas de saliva segregadas nunha determinada unidade de tempo. Antes de comezar o experimento, Pávlov mediu as reaccións de salivación á comida no fociño do can, que foi considerable, mentres que salivou moi pouco cando o someteu ao estímulo do son do metrónomo. A continuación, iniciou as probas de condicionamento.

Fixo soar o metrónomo (nun principio **estímulo neutral**), e inmediatamente despois presentou comida ao animal (nun principio **estímulo incondicional**), cun intervalo moi breve. Repetiu a relación entre este par de estímulos moitas veces durante varias semanas, sempre cando o can estaba con fame. Despois, transcorridos varios días, fixo soar soamente o metrónomo e obtivo a resposta salival do can que apareceu ao oírse o son, a pesares de que non se presentou a comida.

A salivación do can ante a comida chámase **resposta incondicional ao estímulo incondicional**; a salivación tras oír o son do metrónomo chámase **resposta condicional logo de relacionar o estímulo co son**. O **estímulo** do son do metrónomo que orixinalmente era **neutro** funciona logo como **estímulo condicional**. Este estímulo condicional (o son), funciona para o suxeito como un sinal que avisa de que o estímulo incondicional (comida) está a punto de aparecer. Finalmente, chamouse **reforzo** ao fortalecemento da asociación entre un estímulo incondicional (comida) co condicional (son do metrónomo).

- **Outras aplicacións:** Estes principios do condicionamento clásico utilízanse, entre outras aplicacións, para:

a) A adquisición de hábitos coma o **control de esfínteres**.

b) **Explicación** (entorno social) e **tratamento de adiccións** coma o alcoholismo, tabaquismo etc. (terapia de aversión).

c) O **tratamento do medo ou fobias** (a insectos inofensivos, por exemplo).

- **Outros estudos de Pávlov:** tamén estudou a **linguaxe humana** (que chamou “segundo sistema de sinais”). E moitas outras aprendizaxes, tanto en animais coma en seres humanos, incluíndo o que se denominou a indución de «**neurose experimental**». Prácticamente pode dicirse que fundou o estudio experimental do **comportamento considerado «anormal» ou «psicopatolóxico»**, así coma o estudo da súa contraparte para modificar varios comportamentos indesexables, incluíndo **fobias, tics e comportamentos «neuróticos»**. O **razoamento de Pávlov consiste en pensar**: se se puido inducir un comportamento neurótico baixo certas condicións (neurose experimental), tamén se poderá modificar se se cambian as variables independentes das cales é función. Polo tanto, inaugurou así a **modificación experimental do comportamento**.

- **Influencias:** Pávlov influíu, durante o século XX, sobre outros **importantes investigadores rusos** da Psicoloxía: Lúriya, Leóntev, Vygotski, Bójterev etc. E tamén **fóra de Rusia, influíu moito no condutismo clásico de Watson**, quen incorporou á súa propia obra a terminoloxía de Pávlov.

3.2.- O CONDUTISMO

Fronte ao estruturalismo e as dificultades á hora de estudar a mente, aparece o condutismo. A súa regra principal é **aterse ao obxectivo, o observable, rexeitando todo aquilo que non poida ser medido e observado**. Por este motivo **rexeita, tamén, o estudio da mente (que chaman “caixa negra”)** e no seu lugar propón o estudo da **conduta manifesta**, a única, segundo eles, susceptible de observación e medición.

Na evolución do Condutismo poden distinguirse dúas etapas:

A) O **Condutismo clásico, vinculado á figura do estadounidense Watson (con Pavlov como precedente)**, que se mantivo ata 1930.

B) O **Neocondutismo**, movemento posterior, asociado a un gran número de teóricos coma Skinner.

3.2.- JOHN BROADUS WATSON (1878-1958): CONDUTISMO CLÁSICO

Foi un psicólogo estadounidense que **formulou e popularizou a teoría científica do condutismo**, establecéndoa como una escola psicolóxica a través da súa disertación na **Universidade de Columbia “A psicoloxía tal como a ve o condutista”**. Watson realizou unha **investigación sobre o comportamento animal** (de múltiples especies incluído o *Homo sapiens*, entre as que destacan as que tratan sobre a crianza de neonatos, nenos e a publicidade).

Watson comezou a interesarse pola psicoloxía animal cando era estudante. Ademais da súa formación en **psicoloxía, estudou bioloxía e fisioloxía** con Loeb, que xa formulara una **interpretación mecanicista da conduta animal**. Unha vez finalizado os seus estudos, puxo en marcha un **laboratorio animal**. Pensaba que o estudio da psicoloxía humana podía sacar proveito da obxectividade lograda nos estudos animais. Cría que a obxectividade na psicoloxía melloraría na medida en que se **eliminarian todas as referencias á conciencia e se abandonara a confianza na introspección**.

A) **MÉTODO:** Watson afirmaba que o campo de estudio propio da psicoloxía era a “**conduta manifesta**” (a que se pode observar). Concretamente, a **psicoloxía debía estudar unha serie de estímulos ambientais (E) e as respostas (R) que eles evocaban**. Outra das súas propostas foi que a “**introspección**” como método de observación psicolóxica debía abandonarse, posto que non permita o estudio obxectivo da conduta. En lugar de estudar a introspección, o psicólogo debía avaliar a conduta case da mesma forma a como o fixeran os experimentadores sobre animais. **Watson suxería que o método do “reflexo condicionado” elaborado por Pavlov e Bechterev podía substituír á introspección e consolidar a psicoloxía como unha ciencia obxectiva**.

B) **CARACTERÍSTICAS DO CONDUTISMO:** O Condutismo foi un paradigma preocupado polo estudio obxectivo da conduta, cuxas **principais características** eran:

- O interese pola **conduta manifesta**, definida en termos de estímulos e respostas.
- O ser humano considérase como un "organismo reactivo", **negando por tanto a espontaneidade (liberdade)** do comportamento humano.
- Utiliza **métodos obxectivos de investigación**: Watson opinaba que os métodos desta nova psicoloxía deberían ser os da psicoloxía animal aplicados aos seres humanos: a manipulación do entorno.

- **Desbota o estudio da conciencia.**

- **Defende o ambientalismo extremo:** Concédesele gran importancia ás variables ambientais e cre que a conduta pode modificarse facilmente a través de manipulacións ambientais.

- **Toma como base o estudio do comportamento animal,** para descubrir as bases do comportamento humano. Os estudos animais, van a permitir el estudio da conduta en condicións obxectivas e controladas no laboratorio, cousa moi difícil de lograr con seres humanos.

C) EXPERIMENTOS FAMOSOS: En 1920 deixou o seu posto na Universidade por causa de rumores acerca de unha relación sentimental coa súa asistente Rosalie Reyner, con quen realizou o seu **famoso experimento co “pequeno Albert”**. Nese momento pasou a traballar como psicólogo na **empresa Thompson**, e interesouse polo **campo da publicidade**, onde aplicou os principios do condutismo aos anuncios publicitarios.

Experimento do pequeno Albert: <https://www.youtube.com/watch?v=IteGZg2fWuY>

Watson: <https://www.youtube.com/watch?v=Z3E8XDzWS4M>

Watson: <https://www.youtube.com/watch?v=4-Cg9VIRJRI>

Aplicacións á publicidade: Anuncio Coca-Cola:

<https://www.youtube.com/watch?v=8ovqv69JvTo>

3.3.- EDWARD LEE THORNDIKE (1874-1949) PRECEDENTE DO CONDICIONAMENTO OPERANTE DE SKINNER.

Psicólogo e pedagogo estadounidense, considerado un **antecesor da psicoloxía condutista** estadounidense. As súas principais achegas foron a **aprendizaxe por ensaio/erro** e a **lei do efecto**. Estudou a conduta animal e estableceu a **teoría do conexionismo** (redes neuronais).

A) VIDA: De familia protestante de confesión metodista; o seu pai era pastor, e a súa educación caracterizouse pola disciplina e a austeridade. En 1891, ingresou na **Universidade Wesleyana de Connecticut** e graduouse en 1895.

Logo pasou á **Universidade de Harvard**, onde tivo como mestre a **William James**: no soto da súa casa fixo as súas investigacións con políños. En principio interesouse pola comunicación mediante xestos inconscientes. Logo traballou como titor na **Universidade de Columbia**, en Nova York, onde se doutorou en 1898. Watson fundouse en gran parte na obra de Thorndike e na de Pavlov.

B) LEI DO EFECTO (ou ensaio e erro): descubriuna a partir dos estudos que realizou con **gatos en caixas-problema** das que debían escapar. A lei do efecto é un **precedente da teoría de Skinner** do “condicionamento operante”.

C) CONEXIONISMO: Segundo Thorndike, a aprendizaxe ocorre mediante unha serie de **conexións entre un estímulo e unha resposta, que se fortalecen cando se producen consecuencias satisfactorias para o organismo**. Esta teoría subministrou as bases sobre as que logo Burrhus Frederic Skinner construíu o “condicionamento operante”.

Máis tarde, Thorndike aplicou os seus métodos para o adestramento de animais a nenos e xoves, con éxito considerable.

D) EXPERIMENTOS: Nos **primeiros experimentos** de Thorndike (realizados no soto da casa de W. James) sobre a aprendizaxe, os suxeitos experimentais eran poliños. A fábula sobre a intelixencia dos animais non impresionaban a Thorndike, quen pola contra sostíña que ninguén se ocupou de describir a estupidez animal. Thorndike cría que **os animais non razoan nin avanza na resolución de problemas mediante introspección, senón que aprenden dunha maneira mecánica, partindo dun método de ensaio-erro**. As condutas frutíferas e gratificantes "imprímense" no sistema nervioso.

Experimentos con poliños: <https://www.youtube.com/watch?v=lhVnY1mdEh0>

Experimentos caixas-problema con gatos: <https://www.youtube.com/watch?v=qlpZs6PsvV4>

3.4.- BUHRRUS FREDERIC SKINNER (1904-1990): O CONDICIONAMENTO OPERANTE

A) VIDA: Skinner naceu en Susquehanna, **Pensilvania**, Estados Unidos, fillo de Grace e William Skinner, un avogado. Fíxose ateo logo de que un mestre cristiá tratase de calmar o medo ao inferno, imbuído nel por súa aboa.

Primeiro ingresou no **Colexio Hamilton en Nova York** ca intención de converterse en escritor de ficción, pero axiña se desilusionou coas súas habilidades literarias. Durante este período, ao que máis tarde chamou "**o ano escuro**", leu "*An Outline of Philosophy*" (*Un esbozo da filosofía*), do inglés Bertrand Russell, no que Russell discutía a filosofía condutista dos psicólogos, especialmente de John B. Watson.

Skinner comezou a interesarse polos comportamentos e accións das persoas, e decidiu **estudar psicoloxía na Universidade de Harvard**, graduándose y doutorándose en 1931. Alí foi investigador en 1936, e máis tarde, desenvolveu a súa actividade docente na **Universidade de Minnesota** e logo **na de Indiana**, finalmente **volveu a Harvard** como profesor en 1948, onde exercería o resto da súa vida.

En 1948, escribiu unha **novela utópica baseada nos principios do condutismo: "Walden Dous"**, inspirándose na obra Walden de Henry David Thoreau.

-Premios: En 1968, a Medalla Nacional de Ciencia outorgada polo presidente Lyndon B. Johnson. Tres anos despois, foi premiado ca Medalla de Ouro da Fundación Psicolóxica Americana, e en 1972, concedéronlle o premio de Humanista do ano da American Humanist Association. Xusto oito días antes do seu falecemento, recibiu a primeira mención por unha vida contribuíndo á psicoloxía por parte da American Psychological Association.

B) A PSICOLOXÍA SEGUNDO SKINNER:

Influído polo psicólogo condutista John B. Watson, desenvolveu a **psicoloxía experimental mediante o método científico**. A tradición condutista rexeitaba a introspección para estudar a mente. O concepto "**mente**" parecíalle a Skinner demasiado **confuso e abstracto e debía desbotarse** (desbotan o estudio da mente: a "**caixa negra**"), para centrarse no estudio da "**conduta ob-**

servable”.

Skinner acuñou o termo "**condutismo radical**" para caracterizar a súa psicoloxía en oposición ao **condutismo metodolóxico**. Algúns investigadores condutistas de principios do século XX incluían nas súas investigacións algunhas variables non físicas, pero Skinner rexeitaba a inclusión de variables non físicas nas investigacións.

- O **conductismo radical** leva ata as súas últimas consecuencias os **principios do behaviorismo (condutismo) iniciados por investigadores como John B. Watson e Edward Thorndike**. Para Skinner os conceptos que se refiren a procesos mentais privados (en contraposición á conduta observable) son inútiles en el campo de la psicoloxía, aunque non se nega a súa existencia. Este investigador cría sinceramente que los procesos mentais internos no son los responsables de orixinar la conduta humana, senón os factores externos e medibles.

- Este “**condutismo radical**” chamouse logo **CONDICIONAMENTO OPERANTE**

Para Skinner, o **condicionamento clásico era pouco representativo da potencialidade de aprendizaxe propia do ser humano**, xa que practicamente só podía existir en contornas moi controlados e artificiais nos que se puidesen introducir estímulos condicionados.

Fronte ao condicionamento clásico de Paulov (máis ben en animais) e Watson (máis ben en humanos), Skinner cría que é a “**conduta operante**”, e non a “**conduta respostante**”, a **clase de comportamento máis corrente, universal e versátil**, o que significa que á hora de modular a conduta **importan máis as consecuencias que os estímulos que a preceden**.

Son os resultados das accións o fundamental. Unha conduta sobre o medio é considerada operante porque ten unha serie de **consecuencias constatables**, e son estas respostas do entorno (incluíndo tamén a outros seres vivos) as que van alterando a frecuencia ca que se volve a reproducir esa conduta ou unha parecida.

DEFINICIÓN DE CONDICIONAMENTO OPERANTE: Así pois, o **condicionamento operante** é unha forma de aprendizaxe asociativo baseado no **aumento ou diminución de certas condutas dependendo de se as súas consecuencias son positivas ou negativas**, como por exemplo **dar incentivos** aos nenos cando realizan as súas tarefas.

C) EXPERIMENTOS: AS CAIXAS DE SKINNER

Skinner **experimentou co animais** utilizando os principios do condicionamento operante. Neles intentábase ter un control total de todas as variables para poder observar que era o que afectaba ao comportamento do animal

Unha deste tipo de contornas artificiais foi a chamada "**caixa de Skinner**", una especie de gaiola para **ratas ou pombas que contaba cunha panca e un dispensador de comida**. Cada vez que a rata, por casualidade ou deliberadamente, activaba a panca, caía comida, sendo isto unha maneira de **animar ao roedor a volver a repetir ese acto**. Ademais, a frecuencia ca que a rata movía a panca quedaba rexistrada automaticamente, o cal facilitaba facer unha análise estadística dos datos obtidos.

A caixa de Skinner serviu como medio para **introducir diversas variables** (entre elas, **descargas**

eléctricas) e ver como afectaban na frecuencia coa que se producían certas condutas. Estes experimentos serviron para describir certos patróns de conduta baseados no condicionamento operante e **probar a posibilidade de predicir e controlar certas accións dos animais**. Hoxe en día, moitos espazos utilizados para experimentar con animais son chamados caixas de Skinner.

D) POLÉMICAS:

Levantou moita polémica **a negación por parte de Skinner da liberdade humana** no seu libro “*Máis alá da liberdade e a dignidade*”. Se é o entorno e as consecuencias dos actos os que modelan a conduta, o ser humano non pode ser libre. Eso si, Skinner cría que o ser humano ten a capacidade de modificar o seu entorno para facer que este o determine do modo desexado.

E) CRÍTICAS:

Esta postura filosófica foi moi **criticada pola sociedade estadounidense** con principios e valores moi arraigados do **liberalismo**.

Outro feito que provocou a crítica da opinión pública foi que este investigador dedicou gran parte do seu tempo a **inventar todo tipo de artefactos baseados no uso do condicionamento operante e gustáballe aparecer nos grandes medios de comunicación** para mostrar os seus resultados ou propostas. Nun dos seus golpes de efecto Skinner chegou a **a dúas adestrar pombas para que xogasen ao ping-pong**, e incluso chegou a propoñer un **sistema para guiar bombas utilizando pombas** que picasen o obxectivo móbil que lles aparecía nunha pantalla.

Proxecto pombas guiando mísiles:

<https://www.youtube.com/watch?v=vVQdYFSj1pI> Palomas xogando ping pong:

<https://www.youtube.com/watch?v=vGazyH6fQQ4>

F) FAMA DE CIENTÍFICO EXCÉNTRICO

Todo isto fixo B. F. Skinner gañase unha imaxe de personaxe excéntrico pola súa formulación **extrema do seu condutismo radical** e afastados do sentido común.

Tampouco axudou o feito de que **inventase unha especie de berce con temperatura e humidade regulables, que se interpretou como o mito de que Skinner experimentaba coa súa propia filla de poucos meses**.

Berce de Skinner:

<https://www.psyciencia.com/la-cuna-de-skinner-el-invento-que-lo-persiguio-por-el-resto-de-su-vida/>

As súas **opinións sobre política e sociedade** vertidas no seu libro *Walden Dous* tampouco casaban coa ideoloxía dominante.

Condutismo Skynner: https://www.youtube.com/watch?v=2iVgrYMu4_Q

4. A PSICOLOXÍA DA GESTALT

“Gestalt” é un termo alemán que foi introducido por primeira vez por Christian von Ehrenfels e que procede do verbo “gestalten” que significa “dar forma ou configurar”. Por iso esta escola tamén se chama “**psicología da forma**” ou “**psicología da configuración**”. Esta é una corrente de psicología que xurdiu en Alemaña no século XX. Os seus representantes máis recoñecidos foron: **Max Wertheimer, Wolfgang Köhler, Kurt Koffka y Kurt Lewin**.

-A escola da Gestalt desenvolveuse entorno a dúas universidades:

A) Por unha banda, a **escola de Graz (en Austria)** propuxo a “**teoría da produción**”, que consideraba a forma ou “o todo” dun obxecto percibido como o produto dun acto perceptivo.

B) Por outra parte, a **escola de Berlín** demostrou que a Gestalt ou forma **ven dada de forma inmediata e non é o produto da percepción**, senón ao contrario, que a percepción é produto da forma ou Gestalt. Esta afirmación quedou **demostrada cos traballos de Max Wertheimer sobre o “movemento aparente”, que deu lugar á teoría do fenómeno phi**: unha sucesión de imaxes reproducida a certa velocidade xera a impresión de movemento.

O fenómeno phi: https://es.wikipedia.org/wiki/Fen%C3%B3meno_phi

A) PUNTO DE PARTIDA: Esta nova escola **rexeitou a concepción atomista a psicología de Wundt e do asociacionismo**. Para a Gestalt, **a característica máis importante da conciencia é o seu aspecto global, a súa organización coma un todo**. Os representantes máis sobresaíntes desta Escola centráronse fundamentalmente no **estudio da percepción humana**, anque tamén se preocuparon polos procesos do pensamento e a aprendizaxe.

Os seus **antecedentes filosóficos e psicolóxicos** son:

- **A filosofía de Kant:** Kant afirma que os fenómenos da sensibilidade son o resultado dunha “síntese” entre os “elementos a priori” do coñecemento (que organizan a nosa experiencia) e os “elementos a posteriori” que proceden da experiencia. En esencia poderíamos dicir que os fenómenos sensibles (percepción) están “constituídos” polo suxeito. **Somos nós os que “configuramos” a nosa percepción**, en parte tomando da experiencia as impresións sensibles e en

parte, poñendo “forma” a estes fenómenos a través da facultade de síntese do noso coñecemento (sensibilidade e entendemento). Algo semellante dixera xa o empirista **David Hume**: a nosa imaxinación asocia os elementos da experiencia segundo a semellanza, contigüidade e a causa-efecto.

- **A fenomenoloxía de Husserl:** Seguindo en parte a Kant, Husserl adicouse a estudar os fenómenos da nosa experiencia consciente describindo o percibido sen engadir pre-conceptos.

B) A TESE CENTRAL DA GESTALT: **A experiencia que ten o individuo na súa interacción co medio ambiente é resultado dunha configuración por parte do suxeito, e este elemento configurador ten un carácter primario sobre os elementos que conforman a experiencia**. Por tanto, **a suma destes elementos non podería xerar por si soa a comprensión do funcionamento mental**. Este formulación queda reflectida no axioma da escola que afirma:

“O todo é máis ca a suma das súas partes”.

C) LEIS OU PRINCIPIOS DA PERCEPCIÓN SEGUNDO A GESTALT

- 1) **Lei de relación figura-fondo:** O ser humano percibe un só obxecto á vez, e este sempre se percibe con respecto a un fondo do que emerxe e logo retorna a este fondo unha vez atendido. A percepción, ao ser unidireccional, **non nos permite interpretar un obxecto como figura e fondo ao mesmo tempo, senón que cada figura emerxe, quedando todo o demais como pano de fondo.** Segundo sexa a experiencia previa, condicionantes e intereses do observador, aparecerá no seu campo perceptivo a figura que máis necesaria sexa. **Esta lei é a de maior forza e transcendencia, incluso se pode considerar como o referente orixinal, ou substrato que alimenta as demais leis,** pois en todas elas se imprime este principio organizativo da percepción. Todo fenómeno subxectivo, sexa sensorial-fisiolóxico, cognitivo ou emocional, aparece como unha figura definida, superposta ou recortada sobre un fondo neutro.

Vídeo Lei figura fondo: <https://www.youtube.com/watch?v=vkj3PyYbxwI>

- 2) **Lei da pregnancia, “boa forma” ou forma simple:** esta lei afirma a tendencia da experiencia perceptiva a **adoptar as formas máis simples posibles.** As partes dunha figura que ten "boa forma" ou que indican unha dirección ou destino común, forman con claridade unidades autónomas no conxunto.

Vídeo lei de pregnancia: https://www.youtube.com/watch?v=-vJWESd0BhY&has_verified=1

- 3) **Lei da semellanza: A mente agrupa os elementos similares nunha entidade:** A semellanza depende da forma, do tamaño, da cor e de outros aspectos visuais dos elementos.

Vídeo lei de semellanza: <https://www.youtube.com/watch?v=C7up9EHybR4>

- 4) **Lei de proximidade: A mente agrupa elementos da percepción en función da distancia entre eles.** Os obxectos adxuntos tenden a ser vistos como unha unidade. Os estímulos que están próximos tenden a percibirse como parte da mesma unidade.

Vídeo Lei de proximidade: <https://www.youtube.com/watch?v=vN-hGwpygNQ>

- 5) **Lei de simetría: As imaxes simétricas son percibidas como iguais, como un só elemento, na distancia.** Este principio ten tal transcendencia que vai máis alá do campo da percepción das formas e constitúe un dos principios ou fenómenos fundamentais da natureza. A bioloxía, a matemática, a química e a física, incluso a mesma estética, organizanse seguindo as leis especulares, simples ou múltiples, da simetría.

Vídeo Lei de simetría: https://www.youtube.com/watch?v=G-HQGu_tQGQ

- 6) **Lei de continuidade: Os detalles da percepción que manteñen un patrón ou dirección tenden a agruparse xuntos**, como parte de un modelo. É dicir, percibimos elementos continuos anque estean interrompidos entre si. Esta lei está en relación coa lei de cerre e coa da boa forma ou pregnancia.

Vídeo Lei de continuidade: <https://www.youtube.com/watch?v=N8Imi8bW5YA>

- 7) **Lei de dirección común: os elementos que parecen construír un patrón ou un fluxo na mesma dirección percíbense como una figura ou todo**. Por exemplo, as bandadas de paxaros que voan como un todo, é dicir, **como se se tratara dun organismo único**.

- 8) **Lei de igualdade ou equivalencia: cando concorren varios elementos de diferentes clases, hai una tendencia a constituír grupos cos que son iguais**. Se se potencian as formas iguais, con unha cor común, establécense condicionantes potenciadores para o fenómeno agrupador da percepción.

- 9) **Lei de cerre: Tendemos a cerrar figuras que na realidade non están pechadas**. As circunferencias, cuadriláteros ou triángulos producen o efecto de cerramento.

Vídeo Lei de cerre: <https://www.youtube.com/watch?v=fkdIaSTu8LQ>

- 10) **Lei ou principio de experiencia: Asegura que, dende o punto de vista biolóxico, o propio sistema nervioso foise formando polo condicionamento do mundo exterior**.

Lei de experiencia: <https://www.youtube.com/watch?v=LTxe0tv6wvU>

-Aplicacións no campo da publicidade:

<https://www.youtube.com/watch?v=TgUIP5TGQnc>

<https://www.youtube.com/watch?v=A353QoAxI64>

Vídeo A escola da Gestalt: https://www.youtube.com/results?search_query=psico+facil+gestalt

5.- A PSICANÁLISE

5.1.- Sigmund Freud (1856-1939)

Médico neurólogo austríaco de orixe xudeu, pai da psicanálise e con enorme influencia no século XX.

5.1.1.- VIDA:

Sigmund Freud cambiou o seu nome orixinal polo de Sigmund aos 22 anos. Foi o maior de seis irmáns (5 mulleres e un varón). Naceu en Freiberg, antiga Moravia (hoxe Příbor, República Checa) o 6 de maio de 1856. Seu pai era comerciante en las que, ao nacer Freud tiña xa 41 anos e dous fillos dun matrimonio anterior; o maior deles tiña aproximadamente a mesma idade que a nai de Freud -20 anos máis nova que o seu home- e era, á súa vez, pai de un neno de un ano. Na súa idade madura, Freud comentou que esta situación familiar un tanto enredada despertou a súa curiosidade e agudizou a súa intelixencia.

En 1860, cando tiña **3 anos, a súa familia trasladouse a Viena**, intentando seu pai recobrar a prosperidade perdida de seu negocio de las. **“Foi educado sen relixión e permaneceu incrédulo”**, tal e como el afirmou, así que os seus lazos co xudaísmo non foron ni relixiosos, nin nacionalistas, anque se identificou sempre coa súa cultura.

Anque a súa familia sempre tivo problemas económicos, aos 17 anos Freud ingresou na Universidade de Viena para estudar medicina nun ambiente de antisemitismo crecente.

Foi un **estudante pouco convencional, pero brillante**. Foi a **clases con Brentano** (mestre de Husserl). Foi **axudante do profesor E. Brücke** no **Instituto de Fisioloxía de Viena** entre 1876 e 1882. En 1880 coñeceu ao que sería o seu mentor **Joseph Breuer**.

Aprendeu español de forma autodidacta co seu amigo Eduard Silberstein e incluso formaron unha especie de sociedade secreta á que denominaron «Academia Castellana» (AC) e usaron como pseudónimos os nomes dos dous cans protagonistas do “El coloquio de los perros” de Cervantes; adoitaban firmar Freud como Cipion e Silberstein como Berganza. En 1881 graduouse en medicina e traballou baixo a dirección de Theodor Meynert no Hospital Xeral de Viena entre os anos 1883 y 1885. Como investigador médico foi pioneiro ao propoñer o uso terapéutico da cocaína como estimulante e analxésico. Sábese tamén que o propio Freud consumiu cocaína nalgún período da súa vida.

En 1885 foi nomeado **Privatdozent da Facultade de Medicina de Viena**, onde ensinou ao longo de toda a súa carreira (primeiramente neuropatoloxía, e tempo despois, psicanálise). Nese ano, **patrocinado por Theodor Meynert, obtivo unha beca para unha viaxe de estudos a París, onde traballou durante catro meses e medio no servizo de neuroloxía do famoso hospital psiquiátrico a Salpêtrière baixo la dirección de Jean-Martin Charcot**, por entón **o más importante neurólogo francés**. Alí tivo ocasión de observar as manifestacións da **histeria e os efectos da hipnose e a suxestión** no tratamento desta enfermidade.

En 1886 **casou con Martha Bernays e abriu unha clínica privada especializada en trastornos ner-**

viosos. Comenzou a **tratar neuroses como a histeria** utilizando a **hipnose e o método catártico** que o seu mentor Josef Breuer aplicara con Bertha Pappenheim (o famoso caso: Anna O.) obtendo resultados que en aquel momento parecían sorprendentes, pero **logo abandonou ambas técnicas en favor do “método de asociación libre”**, desenvolto por el entre os anos 1895 e 1900 e impulsado polas experiencias cos súas pacientes histéricas. Freud notou que podía **aliviar sus síntomas animándoas a que verbalizaran sin censura calquera ocorrencia que pasara pola súa mente**.

En 1899 publicou a **súa obra máis influínte, “A interpretación dos soños”**, inaugurando unha nova disciplina psicolóxica: **a psicanálise**. Durante algúns anos **illouse debido á incompreensión e indignación que causaron as súas teorías, e comezou a formarse un grupo de adeptos en torno a el, que sería o xerme do futuro “movemento psicanalítico”**. As súas ideas empezaron a interesar cada vez máis ao gran público e fóronse divulgando pese á gran resistencia que suscitaban.

En 1902 recibiu o primeiro **recoñecemento oficial** ao recibir o nomeamento imperial como **Profesor extraordinario**.

Internacionalmente, obtivo o seu **primeiro recoñecemento oficial** en 1909, cando a **Universidade de Clark, en Worcester, Massachusetts (EEUU)**, lle concedeu o título honorífico ***doutor honoris causa*** cando o reitor **G. Stanley Hall** o invitou dar una **serie de conferencias** coa intención de **divulgar a psicanálise en Estados Unidos**.

En 1911 o **grupo dos seus seguidores comezou a separarse** das doutrinas do mestre. Primeiro **Alfred Adler** e seis dos seus partidarios déronse de baixa da Asociación Psicanalítica Vienesa. E en **1914 Carl Gustav Jung** separouse de Freud, disensión que tivo máis graves consecuencias e que ameazaría con desestabilizar todo o edificio psicanalítico.

En 1923 diagnosticóuselle un **cancro de ceo da boca**, probablemente a consecuencia da súa intensa adicción aos puros, do que foi operado ata 33 veces. A súa enfermidade provocoulle moito **sufrimento, incapacidade e finalmente xordeira do oído dereito**, e obrigouno a **usar incómodas próteses de padal que lle dificultaron moito a fala**. Nunca deixou de fumar, e a pesar da súa enfermidade **continuou traballando como psicanalista e non parou de escribir e publicar gran número de artigos, ensaios e libros**.

En 1938, coa anexión de Austria por parte da **Alemaña nazi**, Freud, **en condición de xudeu e fundador da escola psicanalítica, foi considerado inimigo do Terceiro Reich**. Os seus **libros foron queimados publicamente** e tanto el como a **súa familia sufriron un intenso acoso**. As súas irmás (catro delas permaneceron en Viena) foron apresadas máis tarde e morreron en campos de concentración. Gracias á intervención *in extremis* de Marie Bonaparte e Ernest Jones Freud conseguiu **saír do país e refuxiarse en Londres**. No momento de partir esixíuselle que firmara unha declaración onde se aseguraba que ter sido tratado con respecto polo réxime nazi.

5.1.2.- A PSICANÁLISE: É un método que busca **facер accesibles os significados inconscientes das manifestacións** (sexan palabras, **actos fallidos**, soños ou fantasías) **mediante a interpretación das asociacións libres dos pacientes**. Moitas veces estas manifestacións preséntanse como trastornos neuróticos, e nestes casos o método psicanalítico serve de terapia.

5.1.2.1.- O MÉTODO DE “ASOCIACIÓN LIBRE DE IDEAS E A HISTERIA: Freud comezou utilizando a hipnose e o método catártico nas neuroses, seguindo ao seu mestre Breuer e a Charcot, pero máis tarde substituíuno polo “método de asociación libre de ideas”, porque **non todos os pacientes entraban no estado hipnótico** para acceder ao inicio dos seus síntomas: **este método foi a base da psicanálise**. Tratábase de que o paciente se sentase nun diván e, en lugar de dirixir e suxestionar ao paciente como se facía na hipnose, o médico deixaba que os pensamentos do paciente fluíran de xeito libre, anque moitas veces parecían irrelevantes. O terapeuta **nunca interrompía ao paciente e deixaba que asociase de maneira libre os seus pensamentos**. Freud deuse conta que **as ideas patóxicas que aparecían na asociación libre tiñan unha relación directa cos seus síntomas**.

Por exemplo, unha paciente con tremor de mans asociou tres recordos diferentes cargados de emocións cos seus síntomas:

- a) recordou que unha vez foi **golpeada na man como castigo** cando era nena
- b) tamén recordou **estar asustada mentres tocaba o piano**
- c) e o terceiro recordo era **cando lle pedían masaxear os ombreiros de seu pai**.

Estes tres recordos tiñan a **característica común de involucrar as súas mans**. A medida que se ía asociando cada recordo á expresión emocional, **a intensidade dos seus síntomas diminuía**. A isto chamoulle Freud “sobredeterminación”, onde **os síntomas (tremor de mans) non eran causados por un só factor**, senón por dous ou máis factores que actuaban en conxunto. En este caso o tremor de mans en circunstancias de medo diferentes.

Este método de libre asociación permitiulle tamén determinar que **estas ideas patóxicas non eran simplemente esquecidas, senón “reprimidas”**.

Os pacientes tiñan reaccións diferentes no momento da asociación libre:

- a)algúns **cando ían chegar a un punto crucial** no seu discurso **optaban por non seguir**.
- b) **outros dicían que a mente lle quedara en branco**.
- c) algúns **chegaban a atacar verbalmente ao psicoterapeuta**.

Así que Freud chamou a este fenómeno “resistencia” e esta era “inconsciente”. Parecía que **había un conflito** entre unha parte do seu aparato psíquico que **trataba de sabotar o proceso**. A isto chamoulle Freud “conflito intrapsíquico”, que lle permitiu construír a súas **teorías sobre o aparato psíquico**.

5.1.2.2.- TEORÍAS SOBRE O APARATO PSÍQUICO

A) O CONSCIENTE, O PRECONSCIENTE E O INCONSCIENTE:

A.1) O sistema consciente: está formado polo “principio de realidade” que **goberna o mundo exterior que percibimos** e nos rodea e son os estímulos que experimentamos interiormente. O consciente componse da **percepción e o pensamento**.

A.2.- O inconsciente: Existen unha serie de **contidos inconscientes na nosa mente que non advertimos conscientemente se non chegamos a facernos conscientes deles**. Os contidos inconscientes réxense polo “principio do pracer” e **non están suxeitos á categoría de espazo e tempo**. Os contidos inconscientes son de dous tipos:

a) os que están “**reprimidos**”.

b) os que **son inconscientes nun momento determinado sen estar reprimidos e por iso teñen a posibilidade de ser transformados en conscientes**. O inconsciente serían as “**pulsións**” e os “**recordos reprimidos**”.

A.3.- O preconsciente: Son os xa nomeados: **aqueles contidos inconscientes nun momento dado, pero que ao non estar reprimidos poder transformarse en conscientes**. Por exemplo os **recordos** (caras, direccións, etc.) que mediante unha actividade voluntaria do **individuo** **pode facelos conscientes** e expresalos de forma mental, oral ou escrita. O preconsciente componse da **memoria** e os restos mnémicos que podemos evocar voluntariamente.

B) O EU, O ELO E O SUPEREU

B.1) O EU: Identifícase anque non totalmente co consciente. **Representa a nosa razón** e sentido común e réxese polo “**principio de realidade**”.

B.2) O ELO: Correspóndese co inconsciente e está gobernado polo “**principio do pracer e dos instintos**”. É **desorganizado, emocional, escuro e dificilmente accesible**.

B.3) O SUPEREU: Procede da introxección das figuras paternas e a sociedade. **Representa as normas sociais** e indícanos o que está ben e mal. O supereu **inclúe tanto elementos conscientes como inconscientes: mandatos, inhibicións e sentimentos de culpa**.

A relación entre eu, elo e supereu é **conflitiva**: a nosa psique ten que servir a tres amos:

- O Eu, o principio de realidade, onde se o suxeito fracasa aparece a **angustia real**
- O Supereu ou normas morais, no que se o suxeito fracasa aparece a **angustia moral**
- O Elo ou instintos, pulsións, onde se o suxeito fracasa aparece a **angustia neurótica**.

Por tanto o individuo ten que robustecer ao Eu, facelo máis independente do Supereu e apropiarse das partes do Elo. **O eu debe independizarse en parte do Supereu e facer consciente o elo. Por tanto o eu está en “constante conflito”**.

Niveis de conflito: algúns conflitos poden ser **moi prexudiciais** e acabar en **enfermidades mentais**, e outros non son tan **daniños** e maniféstanse nos nos “**mecanismos de defensa**” e nos “**soños**”.

5.1.2.3.- MECANISMOS DE DEFENSA:

Freud, en **colaboración coa súa filla Anna**, tratou o tema dos mecanismos de defensa. As persoas temos **mecanismos de defensa inconscientes para enfrontar a realidade**. Algúns destes mecanismos son **negativos** e poden producir trastornos mentais e outros mantéñenos activos e impúlsanos a acadar obxectivos **positivos**.

1) MECANISMOS DE DEFENSA NEGATIVOS:

A) **O DESPRAZAMENTO:** mediante este mecanismo de defensa **diriximos unha pulsión cara outro elemento**. Por exemplo, se o teu xefe te berra por algo do que non tes culpa, gardas esa rabia por crer que non podes dicirlle nada, e **liberas logo esa rabia con outra persoa**, por exemplo coa túa muller ou home na casa.

B) **A PROYECCIÓN:** Consiste en **proyectar un pensamento ou sentimento en outra persoa ou cousa, para liberarte da angustia, ansiedade ou depresión que che causa. Por exemplo, se unha persoa ten medo a falar en público, e nunha determinada situación aparece a necesidade de falar en público, a persoa que non quer afrontar este medo pode proxectar nun amigo o seu propio sentimento de medo, dicindo que é el o que non pode falar en público.**

C) **A NEGACIÓN:** Negamos unha realidade dolorosa para sentirnos mellor. Por exemplo, negamos o noso mal comportamento cunha persoa xa falecida e votámoslla a outra persoa.

D) **A REPRESIÓN:** reprimimos recordos dolorosos para intentar borrar esa dor. Moitos destes recordos reprimidos **teñen lugar na infancia e poden ser a causa de moitas neuroses**, segundo Freud. **Por exemplo**, se de pequenos **nos morreu unha mascota á que queriamos moito, reprimimos este recordo para evitar a dor que nos produce.**

2) MECANISMOS DE DEFENSA POSITIVOS:

A) **SUBLIMACIÓN:** Consiste en **canalizar a enerxía das pulsións sexuais cara outros obxectivos vitais**. Podemos canalizar a nosa pulsión sexual cara **actividades físicas, artísticas ou intelectuais**. Segundo Freud moitas das manifestacións intelectuais ou artísticas da cultura poden explicarse pola sublimación dos instintos sexuais.

B) **REGRESIÓN:** a regresión é un mecanismo de defensa que **consiste no retroceso do eu a un estadio anterior do desenvolvemento**. Este proceso dáse segundo Freud **en resposta a pensamentos ou impulsos inaceptables que a persoa non pode afrontar de modo adaptativo**, e podería ser **transitorio ou crónico**. Freud afirmou que, ao longo do desenvolvemento psico-sexual, as persoas xoves corren o **risco de quedar psicoloxicamente ancoradas nun dos estadios, sen lograr avanzar de forma completa a través dos posteriores**. Isto coñécese como **“fixación”**, e canto máis intensa sexa, maior será tamén o **risco de reaccionar ao estrés psico-social con unha regresión**. Para Freud a regresión nos adultos é asociada ás neuroses; pero posteriormente afirmou que **este cambio non sempre é patolóxico ou negativo, senón que en ocasións as regresións transitorias poderían ser beneficiosas** para superar o malestar e fomentar a creatividade.

C) **FORMACIÓN REACTIVA:** é un complexo mecanismo de defensa mediante o cal **os sentimentos e impulsos inaceptables son modificados para volvelos aceptables**. Por exemplo, se una muller non está de acordo coa forma de ser da súa nai, **que é controladora**, entón ese rechazo fai que **incube odio** pola maneira como a nai trata de intervir e delimitar a súa vida. Pero **tal odio tamén lle resulta repulsivo para ela: no fondo sente que é una mala persoa por sentir odio cara súa nai**. Así desenvolve unha conduta de formación reactiva: **desvívese por coidar e complacer á nai**.

Mecanismos de defensa: <https://www.youtube.com/watch?v=qW2lqp0Wh9Q>

5.1.2.4.- INTERPRETACIÓN DOS SOÑOS

Para Freud **os soños son satisfaccións de “desexos reprimidos”**. O seu interese polos soños comezou cando Meinert notara que nos soños de persoas con problemas psiquiátricos había certas si-

militudes. E Freud notou tamén que nalgúns dos seus pacientes nas súas asociacións libres falaban bastante dos seus soños. Na súa obra “*A interpretación dos soños*” expuxo as súas ideas ao respecto.

Freud distinguía o contido experimentado nos soños en dúas partes:

A) O “**contido manifesto**”: que se caracteriza por unha **cronoloxía inconexa de imaxes de contido inintelixible** e que non ten sentido na experiencia normal.

B) O “**contido latente**”: **significado real do soño** que o terapeuta pode interpretar coa asociación libre.

Exemplo: O soño do propio Freud sobre a “**inxección de Irma**”. Esta paciente enfermara e un médico amigo de Freud inxectárelle “**propilo**” (un composto químico). Ademais, **no soño** de Irma había as letras e números que compoñen a **fórmula da “trimetilamina”**, outra substancia química. Este **contido manifesto** do soño **non tiña sentido para Freud**; pero mediante a “**libre asociación**” **puido acceder ao “contido latente”** do soño: na vida real Irma fora operada da nariz polo médico amigo de Freud e este esquecera retirar os puntos da operación, cousa que case lle custou a vida a Irma. Na asociación libre Irma falara sobre a “**química do amor**” e mencionou a substancia “**trimetilamina**”. De ahí Freud sacou a conclusión de que a enfermidade de Irma era de natureza sexual: Irma sentíase atraída sexualmente polo médico que a operou.

C) **TRABALLO DO SOÑO**: analizando o papel dos soños na enfermidade mental dos seus pacientes, Freud chegou á conclusión de que **nos soños ocorre un “traballo do soño” mediante tres procesos**:

- 1) **DESPRAZAMENTO**: O **contido latente do soño** inclúe **pensamentos** que desencadean máis **ansiedade** ou “**conflicto**”, por esta razón, **mediante un proceso de “desprazamento”** este pensamento exprésase no **contido manifesto dunha maneira máis segura** e con imaxes menos angustiosas. É dicir, que **o contido latente cargado de enerxía emocional “desprázase” cara ideas relacionadas pero menos cargadas de emoción**. Por iso, este “**desprazamento**” **ten un propósito defensivo: funciona como “mecanismo de defensa”** e permítelle ao soñador experimentar imaxes menos perturbadoras que os pensamentos que inspiraron esa angustia ou conflito orixinalmente no contido latente.
- 2) **CONDENSACIÓN**: **Varios “pensamentos latentes” poden estar simbolizados pola mesma imaxe** ou elemento **no contido manifesto do soño**. Por exemplo, no soño de Irma que implica tanto o pensamento sexual como o pensamento de **ter unha a relación** co médico, **maniféstanse coa imaxe única da “trimetilamina”**. Dous ou máis pensamentos latentes ás veces “**condénsase**” nunha soa imaxe do contido manifesto do soño.
- 3) **REPRESENTACIÓN**: nela o “**contido manifesto**” preséntase mediante sensacións ou alucinacións experimentadas concretamente. É dicir, que **os soños non aparecen como pensamentos, senón como imaxes, sons, sentimentos etc.**

En resumo, tendo en conta estes 3 pasos do traballo do soño, podemos dicir que **o obxectivo dos soños é expresar desexos reprimidos no contido latente**. Isto aparecía na maioría dos seus pacientes pero a miúdo cargados de “**conflicto**”, incluso cando o contido manifesto non correspondía cun desexo.

Por exemplo, unha das súas pacientes soñou coa morte do seu sobriño favorito, algo que parece

todo o contrario á realización dun desexo. Sen embargo, **as súas asociacións libres incluían o recordo dun antigo noivo polo que aínda se sentía atraída, e a este antigo noivo vírao por ultima vez no funeral do irmán maior do seu sobriño favorito. Polo tanto o seu soño expresaba un desexo latente de volver a ver a este antigo noivo desexable**. Sobre a base de moitas experiencias semellantes, cando os desexos se expresaban **por parte do paciente e xurdía logo unha ansiedade e vergoña**, formulou Freud a teoría de que **os soños expresan desexos reprimidos**.

E comparando o que ocorre cos **desexos desagradables de recoñecer para os pacientes**, así coma **coas ideas patóxicas dos pacientes con histeria**, **Freud deuse conta de que os soños manifestos e os síntomas da histeria tiñan similitudes sorprendentes**, porque ambos **simbolizan ideas inconscientes e angustiosas que se expresan a través dos procesos de desprazamento, condensación e representación**. E o único que **diferencia os soños histeria son as súas causas**: os soños tiñan como causa os “desexos latentes” e a histeria tiña como causa “recordos sexuais”. Isto levouno a **reflexionar sobre a natureza humana da motivación** que o levou a desenvolver outra das súas teorías: a **teoría do desenvolvemento psico-sexual**.

5.1.2.5.- TEORÍA DO DESENVOLVEMENTO PSICO-SEXUAL

En todos os seus pacientes descubriu un factor común: anque **en aparencia todos eles eran moralmente virtuosos**, sen embargo **en secreto e inconscientemente albergaban ideas e fantasías sexuais** que a sociedade respectable non toleraría.

Ademais estas ideas e fantasías sexuais **parecían ter a súa orixe na infancia a partir da enerxía que nace dos instintos** (elo) e a esta enerxía instintiva sexual chamouna “**libido**” (desexo, en latín).

Os nenos dende moi pequenos obteñen pracer mediante a estimulación de distintas partes do corpo que se deben á súa enerxía libidinal: a isto chamoulle “**perversión polimórfica**”. Así os nenos, **dependendo da idade, teñen unha zona do corpo onde se desenvolve a libido en 4 etapas** dende o nacemento ata a adolescencia:

1) ETAPA ORAL

2) ETAPA ANAL

3) ETAPA FÁLICA

-----PERÍODO DE LATENCIA

4) ETAPA XENITAL

En cada unha delas prima unha parte do corpo como fonte de pracer libidinal. E existe un “**período de latencia**” entre a etapa 3) e 4) no que as demandas libidinais **quedan pausadas e o individuo pode preocuparse pola adquisición de habilidades cognitivas**. O exceso ou a falta de gratificación en estas etapas pode **derivar en trastornos evolutivos ou consecuencias na vida adulta**.

- **PERSONALIDADE ANAL**: Así algúns dos seus pacientes nas súas asociacións libres evocaban imaxes libidinais do seu pasado pola “**etapa anal**”. Freud chamou a este fenómeno “**fixación**” nunha determinada etapa. Dependendo da etapa na que unha persoa quedara “**fixada**” as persoas tiñan determinados trazos de personalidade na vida adulta.

Así as persoas con fixación na **etapa anal**, **tenden a ser ordenadas, aforradoras e obstinados nas relacións interpersoais**.

- **PERSONALIDADE ORAL**: **interésanse por “actividades orais”** coma comer, beber, fumar ou

falar. Se se abusou destas actividades na infancia os adultos serán **alegres e optimistas.** E pola contra, se careceu destas actividades na infancia, isto leva ás persoas a ser **envexosas, cobizosas e pesimistas.**

- **PERSONALIDADE FÁLICA E XENITAL:** adoitan ser persoas **curiosas, competitivas e incluso exhibicionistas.**

5.1.2.6.- A PSICANÁLISE PASOU DE SER UNHA TEORÍA A SER UNHA CORRENTE DE PENSADORES:

Isto comezou a principios do século XX coa chamada “**sociedade psicolóxica dos mércores**” en **Viena**, onde distintos pensadores se reunían para falar da psicanálise. Alí estaban **Otto Rank, Alfred Adler, Karl Jung** e **Ernest Jones** (biógrafo oficial de Freud). Estes formaron a **Asociación Internacional de Psicanálise** (IPA: International Psychoanalyse Association).

A verdadeira **revolución da Psicanálise** chegou cando Freud foi invitado polo reitor (**Stanley Hall**) da **Universidade de Klark (EEUU)** a dar unhas charlas sobre a psicanálise. Nesas charlas estiveron: **Tichener, William James, Freud, Jung etc.** Estas charlas **publicáronse** no “**American Journal of psychology**”. A partir de aí **traducíronse os seus libros, e alcanzou fama nos EEUU** ata saír en portadas de revistas como “**Time**” e os seus postulados pasaron á **cultura pop do momento, alcanzando moita popularidade.**

-CRÍTICAS Á PSICANÁLISE:

Foi criticada por moitos pensadores:

- **Tichener:** criticou a “**asociación libre**” por ser **subxectiva**, en lugar adicarse ao adestramento rigoroso na introspección para eliminar contidos subxectivos e reducir a consciencia ás sensacións máis elementais.
- **William James:** criticou a **Freud como un home que alucina e obsesionado con ideas sobre “fixacións”.**
- **Knight Dunlap:** considerou a psicanálise como un **intento de infiltrarse na psicoloxía co uniforme da ciencia.**
- **Watson:** bromeaba con Freud sobre o seu experimento do “**pequeno Albert**”, dicindo que mediante a asociación libre o psicanalista descubriría que **o seu medo aos obxectos peludos procedería do feito de ser reprendido logo do seu intento de xogar co vello público da súa nai.**
- **Cattell:** falou de Freud como alguén que **vive no país das fadas dos soños entre ogros do sexo pervertido.**

INCLUSO OS PROPIOS PSICANALISTAS REMATARON CRITICANDO A FREUD:

Tanto **Adler** coma **Karl Gustav Jung** desligáronse tamén das teorías de Freud, rompendo a corrente psicanalítica.

RESUMO DAS PRINCIPAIS CRÍTICAS:

- Non é unha teoría científica por **non ser “falsable”** (Popper)
- Moitos dos **conceptos** propostos polos teóricos da psicanálise son **difíciles de medir e cuantificar.**

- A maior parte das ideas de Freud baseáronse en **estudios de casos e observacións clínicas, en lugar da investigación empírica, científica.**
- As teorías de Freud **esaxeran a influencia das experiencias da nenez, o sexo a mente inconsciente.**
- **A psicanálise fracasa na explicación e tratamento do autismo.**

VÍDEOS

- Vida e teorías: <https://www.youtube.com/watch?v=H1zwdSQDApI>
- Freud psicofácil: <https://www.youtube.com/watch?v=6m85iFAm8cg>
- Eu, superego, elo (consciente, preconscious, inconsciente): <https://www.youtube.com/watch?v=v2hDEhQnCzA>
- Interpretación dos soños: <https://www.youtube.com/watch?v=nznMWIU-QOw>

6.- O PSICODRAMA DE JACOB LEVY MORENO (1889-1974)

6.1.- VIDA.

Naceu na **Bucarest** no ano 1889 nunha **familia xudía sefardí**. En 1915 **estableceuse en Viena** e anos despois comezou unha iniciativa baseada na **improvisación teatral**, que daría como resultado a proposta psicoterapéutica denominada **“psicodrama”**.

O **psicodrama** baseábase na idea de que expresarse a través da **espontaneidade e a improvisación** e producía unha clase de **“liberación” a través da creatividade en dramatizacións non planificadas**.

Moreno **estudou tamén Medicina** na universidade de Viena, e alí entrou en **contacto coas ideas da teoría psicanalítica**. Anque Moreno rexeitou moitos dos supostos de Sigmund Freud, sen embargo a **psicanálise tivo unha marcada influencia no seu pensamento**

En 1925 Levy Moreno **traslادouse aos Estados Unidos**, e dende Nova York empezou a desenvolver tanto o **psicodrama**, como outros elementos relacionados co **estudio de grupos**, coma por exemplo a **sociometría**. Tamén teorizou sobre **formas de “psicoterapia grupal en xeral”**, partindo dunha óptica heterodoxa que rexeitaba o determinismo e acentuaba o papel da **improvisación**.

Logo de adicar boa parte da súa vida a desenvolver métodos de terapia de grupos, **morreu en 1974 con 84 anos**.

6.2.- O PSICODRAMA

As sesións de psicodrama **son en grupo, pero** o psicodrama **non busca abordar problemas manifestados por un grupo**, senón que se utiliza a presenza de moitas persoas para **intervir nos problemas de individuos**, por quendas.

Así, en cada momento hai **un protagonista claro**, que é **cara o que debe orientarse a sesión**, mentres que **o resto de persoas son membros que axudan na realización da sesión** e que, nalgún momento, tamén serán os protagonistas do seu propio psicodrama.

As fases dunha sesión de psicodrama:

1. Quecemento

Nesta primeira fase da sesión de psicodrama, un grupo de xente reúnese e **a persoa que dinamiza o acto anima aos demais a realizar exercicios para romper o xeo**. O obxectivo do quecemento é **facen que as persoas se desinhiban**, tomen consciencia do inicio da sesión e **estean máis predispostas a expresarse mediante accións** que noutro contexto resultarían estrambóticas.

2. Dramatización

A dramatización é o **núcleo das sesións de psicodrama**. Nesta fase **élíxese unha das persoas** que asiste ao grupo, e esta **explica un pouco que problema o trouxo á sesión** e cal é o **transfondo autobiográfico** que está asociado a este. **A persoa que dirixe a sesión intenta facer que el ou o protagonista da fase de dramatización explique o modo no que percibe este problema no presente**, máis ca intentar que recorde con exactitude os detalles do pasado.

A continuación **comeza a dramatización**. Nesta a persoa protagonista é axudada polo resto de membros do grupo, que **interpretan un rol**, e **todos improvisan escenas relacionadas co problema a tratar**.

Pero nesta representación **non se segue un guión fixo**, senón que se fundamenta na **improvisación** apoiada en moi poucas pautas sobre o que debe ser a escena.

A idea **non consiste en reproducir fielmente** escenas baseadas na realidade, **senón ofrecer un contexto parecido** en determinados puntos esenciais.

3. Eco grupal

Nesta última fase, todas as persoas involucradas na representación **explican o que sentiron**, a maneira en que a actuación lles fixo revivir experiencias pasadas.

6.3.- BASES TEÓRICAS DO PSICODRAMA

En que principios se fundamenta e cal é a filosofía que hai detrás do psicodrama?

A) ARISTÓTELES E A CATARSE: En primeiro lugar, parte do concepto de catarse, explicado por primeira vez polo filósofo grego **Aristóteles**, como **un fenómeno mediante o que a persoa se entende mellor a si mesma despois de ter experimentado unha obra teatral que representa unha serie de feitos**: o que se busca é **espertar emocións intensas que desemboque nun proceso de “liberación emocional”** (catarse).

Para **Jacob Levy Moreno**, a idea na que se baseaba o potencial terapéutico do psicodrama era que permitía facer que **a catarse pasase de ser secundaria** (coma nos espectadores gregos das obras teatrais), **a ser una catarse activa experimentada polo protagonista** da dramatización.

B) A TEORÍA DA ESPONTANEIDADE-CREATIVIDADE:

Esta catarse que experimenta o protagonista ten a súa base na teoría da Espontaneidade-Creatividade. Segundo esta teoría **as respostas creativas ante situacións imprevistas é o mellor mecanismo para descubrir novas solucións a vellos problemas** que permanecen enquistados durante moito tempo.

É dicir, para atopar novas formas de analizar os problemas **debemos romper as vellos formas de análise mediante a participación en situacións imprevistas**. Deste xeito, **a liberación emocional**

nace dun feito creativo e espontáneo. Para que esta catarse creativa se produza non é necesario reproducir experiencias pasadas con exactitude, senón que hai que facer que a sesión evoque elementos que no presente o protagonista cre que son significativos e están relacionados co **“conflito”** a tratar.

C) RELACIÓN COA PSICANÁLISE

Ambas correntes **comparten o feito de que existe unha instancia inconsciente na mente das persoas e outra consciente.**

Algúns **problemas quedan fixados na parte inconsciente**, facendo que **a parte consciente sufra os síntomas** sen poder chegar a ter acceso á súa orixe. Por iso, os problemas que se intentan abordar dende o psicodrama **son concibidos como “conflitos”**. Esta palabra expresa o **choque entre consciente e inconsciente**: a **parte inconsciente** contén representacións relacionadas coa **orixe do problema e loita por expresalas**, mentres que a **parte consciente** quere que **desaparezan os síntomas** que producen os intentos do inconsciente por expresar aquilo que contén.

Para Moreno, **o psicodrama permite facer que os síntomas do problema sexan reproducidos mediante os propios actos guiados pola parte consciente** de un mesmo; de algún modo, **o problema reproducíase, pero esta vez o proceso é orientado pola consciencia**, permitindo isto que **un mesmo se apropie do conflito** que permanecía bloqueado e o **integre na súa personalidade de maneira saudable.**

A psicanálise tamén perseguía o obxectivo de que as experiencias bloqueadas emerxesen á **consciencia** de maneira sistematizada para que o paciente puidese re-interpretarlas e apropiarse delas. **Sen embargo, Jacob Levy Moreno non quería que esta tarefa se basease unicamente na re-interpretación de algo, senón que sinalaba a necesidade de que o proceso involucrase tamén a participación de todo o “corpo”** mediante os movementos que se realizan durante o rol playing nun escenario.

6.4.- EFICACIA DO PSICODRAMA: CRÍTICAS

O psicodrama **non forma parte das propostas terapéuticas con eficacia demostrada científicamente**, o cal fai que a comunidade escéptica en psicoloxía da saúde non o considere como unha ferramenta eficaz.

Por outra banda, **os fundamentos psicanalíticos** nos que se apoia **foron rexeitados pola epistemoloxía na que se apoia a psicoloxía científica na actualidade.**

Como se centra nas **experiencias subxectivas**, dise que os seus **resultados non poden ser medidos de forma sistemática e obxectiva**. Sen embargo, os críticos a esta perspectiva sinalan que **hai maneiras de ter en conta os efectos que calquera psicoterapia ten nos pacientes**, por subxectivo que sexa o problema a tratar.

Por esta razón, ante problemas relacionados coa saúde mental, **óptase por alternativas con eficacia demostrada** en diferentes tipos de problemas, como por exemplo a **Terapia Cognitivo-condutual**.

<https://www.youtube.com/watch?v=kUEVHnucE3Q>

<https://www.youtube.com/watch?v=KMIdxbfHP-U>

7.- A PSICOLOXÍA COGNITIVA

En parte **influída polo funcionalismo**, esta corrente psicolóxica **xurde na década de 1950 como reacción ao condutismo**, pois cren que entre estímulo e resposta **median determinados procesos mentais**.

Polo tanto, esta corrente **enfoca os seus esforzos en explicar aspectos non observables da conduta humana**: os procesos mentais, como a **percepción**, a **memoria**, a **aprendizaxe**, a **linguaxe**, a **solución de problemas** etc. A **psicoloxía cognitiva** **céntrase en explicar que fai o suxeito coa información que recibe dos ambientes nos que actúa: como representa esta información e como a procesa**.

-Representantes importantes desta corrente son: Jean **Piaget**, Herbert Alexander **Simon**, Jerome **Bruner**, George **Miller** e Noam **Chomsky**.

- **Jean Piaget** destacou nos **períodos do desenvolvemento cognitivo aplicados á educación**.
- Herbert Alexander **Simon** creou a idea clave da psicoloxía cognitiva: **a metáfora do ordenador**.
- Jerome **Brunner** e George **Miller** fundaron o **Centro de Estudios Cognitivos de Harvard**, facendo que a psicoloxía volveuse a centrar os seus estudos na mente humana.
- Noam Chomsky, é coñecido como **gran lingüista** que postulou a teoría de que existen unhas **estruturas innatas que nos permiten aprender a linguaxe**.

Para esta corrente **a psicoloxía debe dirixirse ao estudo dos procesos, estruturas e funcións mentais para determinar a relación que manteñen entre si e coa conduta humana observable, é dicir, ao estudo dos procesos mentais que posibilitan o comportamento**.

- **O ser humano é un procesador activo da información**, con **estruturas cognitivas dinámicas e adaptativas**, cuxa función é **percibir as sensacións, interpretalas e adaptalas aos coñecementos previos que se posúen**.
- **Conciben a mente como un “ordenador central”** ao que chegan por múltiples canais e en multitude de formas un sinfín de informacións (inputs), onde son seleccionadas, avaliadas, procesadas, organizadas e almacenadas; e delas saen (outputs) mensaxes por vía neurolóxica que se converten en **respostas** motoras, viscerais ou internas. Este proceso recibe o nome de **“metáfora do ordenador”**.

As súas investigacións sobre a **memoria**, **intelixencia**, **pensamento** e **linguaxe** teñen unha **gran transcendencia no estudo da mente humana e do comportamento**.

- **As críticas a esta corrente céntranse na escasa importancia que concede ás emocións e os sentimentos**.

VIDEOS

-Piaget: etapas desenvolvemento cognitivo

<https://www.youtube.com/watch?v=J7LFJnWZH74>
<https://www.youtube.com/watch?v=y8fh2e5O2UY>

-Psicoloxía cognitiva <https://www.youtube.com/watch?v=BytSRqrd5JQ>

-Jerome Bruner <https://www.youtube.com/watch?v=DXkaSDM0ti0>

-Chomsky: <https://www.youtube.com/watch?v=JAuWY8SbsgY>

Gramática xenerativa <https://www.youtube.com/watch?v=DK477vvgUI4>